

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANALISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte D. **Juan Manuel Cividanes Roger**, en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica**, en adiante **IGAPE**, con C.I.F. Q-6550010-J, e con domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15703 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra, D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, en adiante **USC**, con C.I.F. Q-1518001-A, actuando en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG 5/06/2018), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

MANIFESTAN

1º.- Que o IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Igualmente entre os seus obxectivos están o de facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das mesmas. A Lei 9/2013, de 19 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, na Disposición Adicional Segunda, establece que o IGAPE terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

2º.- Que a USC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e posúe experiencia probada no desenrolo de estudos no ámbito do emprendemento e a transferencia de tecnoloxía entre os grupos de investigación e o sector produtivo, estando por elo o IGAPE interesada en contratar o seus servizos, ao amparo do artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades (Lei 6/2001, do 21 de decembro modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril), e resto de lexislación aplicable.

3º.- Que o Proxecto ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA que desenvolve o presente CONVENIO enmárcase dentro das previsións establecidas polo PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA, subscrito o 11 de setembro de 2018.

4º.- Que as partes están interesadas en consolidar as bases establecidas polo PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA, que tiña como obxectivo minimizar as consecuencias negativas da automatización e potenciar ou promover os efectos positivos nos ámbitos nos que máis poida favorecer á economía galega.

5º.- Que o fomento e desenvolvemento da investigación no campo da creación de empresas resulta unha actuación de interese público, social e económico, o que deriva na necesidade de manter e actualizar os termos do convenio de colaboración por parte de IGAPE e USC, tanto desde o punto de vista material como económico.

6º.- Que conforme aos seus fins e obxecto social, IGAPE e USC acordan subscribir o presente Convenio para avanzar nos obxectivos establecidos no Protocolo de colaboración para a **ANÁLISE E SEGUIMENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA**, e rexeranse polas seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto xeral do presente Convenio entre IGAPE e USC a realización de determinadas actuacións para dar resposta aos obxectivos establecidos no protocolo asinado, durante o ano 2020. Estas actuacións concrétanse nas seguintes propostas:

- Estudo das posibilidades de automatización nos sectores e subsectores económicos de Galicia, o que incluírá mesas de diálogo cos sectores sociais e económicos de Galicia.
- Elaboración do informe económico e xurídico que analice as políticas e o estado normativo actual dos sectores e subsectores afectados pola automatización, que conteña propostas de actuación dende o punto de vista económico e normativo autonómico e nacional co fin de minimizar os efectos negativos e potenciar os positivos fronte ao impacto da automatización na economía galega.
- Desenvolvemento de actividades de difusión das accións anteriores, no ámbito empresarial, das administracións de Galicia e na comunidade científica vinculadas ás tecnoloxías disruptivas.

SEGUNDA.- Imposibilidade de promover a concorrência

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración polo interese común das partes en avanzar nas investigacións obxectivo, e as razóns que impiden a concorrência da oferta e exclúen a celebración dun contrato administrativo baséanse en que, como xa se expón no protocolo de colaboración no que se basea este Convenio, o **Grupo de Investigación “Empresa e Administración” da USC (GI-1876 e GRC ED431C 2019/15)** e o **Grupo de Investigación VALFINAP (GI-1866)** son os únicos grupos no sistema público galego dedicados especificamente ao estudo económico e xurídico das políticas e normativas vinculadas aos impactos da economía dixital na sociedade froito da denominada 4ª revolución industrial, que inclúe diversos procesos disruptivos, como a industria 4.0, a transformación dixital, a automatización, a robótica, a intelixencia artificial, educación dixital, entre outros, co fin de contribuír de forma permanente e activa ao debate e xeración de políticas e normas que permitan que a sociedade galega non se vexa prexudicada polos efectos negativos desta transformación da economía e a sociedade.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

Un.- Compromisos e obrigas do IGAPE

1. O IGAPE participará na elaboración do Estudo e do Informe previstos na estipulación primeira deste Convenio e colaborará na xestión e organización das mesas de diálogo previstas e nas actividades de difusión establecidas, é dicir, participará activamente en todas as actuacións previstas neste convenio.

2. O IGAPE achegará a cantidade máxima de 40.000 euros, que destinará a cofinanciar os gastos relativos ás actuacións previstas:



- 2.1. Elaboración do estudo das probabilidades de automatización nos sectores e subsectores económicos de Galicia.
- 2.2. Elaboración do informe económico e xurídico que analice as políticas e o estado normativo actual relativo aos sectores e subsectores afectados pola automatización, que conteña propostas de actuación dende o punto de vista económico e normativo autonómico e nacional co fin de minimizar os efectos negativos e potenciar os positivos fronte ao impacto da automatización na economía galega.
- 2.3. Organización das mesas de diálogo cos sectores sociais e económicos de Galicia, no marco do Estudo e do Informe e elaboración de Papers de transformación dixital, co límite de 3.000 € por mesa organizada, ata un máximo de 12.000 euros.
- 2.4. Desenvolvemento de actividades de difusión das accións anteriores, no ámbito empresarial, das administracións de Galicia e na comunidade científica vinculadas ás tecnoloxías disruptivas, cun máximo de 8.000 euros.

Dous.- Compromisos e obrigas da USC

1. A USC responsabilizarase da elaboración do ESTUDO DAS PROBABILIDADES DE AUTOMATIZACIÓN NOS SECTORES E SUBSECTORES ECONÓMICOS DA COMUNIDADE DE GALICIA.

O estudo terá as seguintes características:

- Reflectirá os postos de traballo que se poderán ver afectados polo proceso de automatización e as ocupacións que se poderán demandar no futuro polo grao de automatización dos sectores e subsectores económicos.
 - Analizará os datos de evolución dos últimos 4 anos (2016-2019) (Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0).
 - Levará a cabo unha proxección dos datos relativos á porcentaxe de afectación de postos de traballos e a demanda de novos postos de traballo, centrándose nos 10 sectores/subsectores máis afectados. O período de previsión será 2020-2022.
2. A USC responsabilizarase da ELABORACIÓN DO INFORME ECONÓMICO E XURÍDICO QUE ANALICE AS POLÍTICAS E O ESTADO NORMATIVO ACTUAL QUE INCUMBE AOS SECTORES E SUBSECTORES AFECTADOS POLA AUTOMATIZACIÓN.
 - O Informe analizará xenericamente as políticas e normativas existentes nas distintas Comunidades autónomas, no ámbito estatal e da Unión Europea e no ámbito Galicia-Norte de Portugal que afectan a automatización nos sectores ou subsectores económicos máis afectados, conforme ao estudo previo.
 - De forma específica, o Informe deberá conter propostas de actuación dende o punto de vista económico e normativo (fiscais, laborais, administrativas, de libre competencia, etc.), que permita ás administracións públicas desenvolver políticas de actuación que minimicen os efectos negativos e aproveiten os positivos fronte ao impacto da automatización na economía galega, abordando o retos sociais, económicos e xurídicos, pero tamén permitindo a introdución das tecnoloxías disruptivas no tecido produtivo galego.
 3. A USC organizará e xestionará as mesas de diálogo no marco do Estudo e do Informe, para o que elaborará papers de transformación dixital dirixidos aos sectores participantes.
 4. A USC organizará e xestionará as actividades de difusión das accións desenvolvidas, dirixidas ao ámbito empresarial, das administracións de Galicia e na comunidade científica vinculadas ás tecnoloxías disruptivas, a través de reunións, xornadas ou eventos similares, inclusive por medios telemáticos.
 5. A USC fará figurar o nome e anagrama do IGAPE e da Xunta de Galicia en todas as actuacións que se realicen en cumprimento deste Convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar e dar a coñecer estas actuacións.

CUARTA.- Financiamento

1. O orzamento máximo deste Convenio ascende a 50.000 €.

2. O IGAPE achegará para o financiamento do custo das accións previstas neste Convenio un importe total máximo de 40.000 €. Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos do IGAPE para o ano 2020, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á seguinte partida orzamentaria: 09.A1 741A 6403 (2020 00005).

A achega citada destinarase exclusivamente a cubrir os custos precisos para a execución das actividades necesarias para o cumprimento do Convenio, considerándose gastos cubertos polas achegas aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do prazo de vixencia deste Convenio.

3. A USC cofinanciará as actividades contempladas neste Convenio coa asignación da parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) nos que incurrirá pola realización das obrigas contempladas neste Convenio non financiados polo IGAPE. O importe desta asignación estímase no 20 % do orzamento global do Convenio (10.000€).

4. Os gastos nos que incorran a USC serán compatibles con outras achegas públicas ou privadas que puidesen recibir.

5. Tras a sinatura do Convenio, o IGAPE poderá aboar, como provisión de gastos, un 70% da súa aportación, sempre que as partes o soliciten expresamente e garantan o importe do pagamento nalgunha das formas previstas no art. 108 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. O resto da contribución do IGAPE será aboada contra certificacións (como máximo, unha ao trimestre) das partes comprensivas dos gastos incorridos. A provisión de gastos, de ser o caso, descontarase das primeiras certificacións.

6. Para o pagamento das actuacións desenvolvidas pola USC, esta deberá achegar ao IGAPE as correspondentes certificacións antes do 15 de novembro de 2020, as cales incluírán a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste Convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - 1º Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
 - 2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.
 - 3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola USC da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, a USC deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo.
 - 4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
 - 5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
 - 6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.



- 7º Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade ao asinamento deste Convenio (circunstancia que se acreditará mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañado da documentación de acreditación do pagamento). No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- 6º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- 7ª No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- 8º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- 9º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

En todo caso, o IGAPE, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste Convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

7. A USC manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste Convenio.

8. O IVE correspondente aos custos cubertos pola achega do IGAPE non quedará cuberto pola mesma cando este sexa recuperable por calquera medio, incluso si non é efectivamente recuperado.

9. Cada un dos pagos realizarase mediante ingreso na conta bancaria designada ao efecto, unha vez consten efectuadas, e xustificadas na forma establecida, a totalidade das actividades que conforman cada unha das actuacións correspondentes, sen necesidade de que se observe un orde preestablecido na execución das actuacións, e polo tanto na realización dos pagos, por tratarse de actuacións interrelacionadas pero independentes.

QUINTA.- Duración e causas de resolución

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2020.

As partes poderán denunciar o presente Convenio, así como modificalo por mutuo acordo no termos previstos na cláusula oitava.

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga .
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10

días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de Seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas neste Convenio ou na normativa aplicable.

Se cando concorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente Convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria integrada por seis membros, actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro desta Convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura da Convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A USC deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumplimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA.- Modificacións

O presente Convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPDP) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade da USC, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste Convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación, e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse á USC, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O IGAPE responde fronte á USC do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste Convenio.

DÉCIMA.- Responsabilidade

A subscrición deste Convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto do Convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Autorizacións

A USC consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste Convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo IGAPE non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Propiedade intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual corresponderán á USC, cedendo ao Igape o dereito a difusión e utilización da información xerada en calquera informe, evento ou publicación de medidas e resultados consecuentes coas conclusións dos traballos concertados no presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e normativa

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito as partes acordan o sometemento á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA (IGAPE)**

Juan Manuel Cividanes Roger
DIRECTOR XERAL

Pola **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA (USC)**

Antonio López Díaz
REITOR

ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

Constitúe o obxecto xeral deste Convenio entre IGAPE e USC a colaboración para a realización de determinadas actuacións durante o ano 2020, para dar resposta aos obxectivos establecidos no protocolo asinado o 11 de setembro de 2018.

Cada un dos participantes do Convenio asumirá as actuacións que seguen:

ENTIDADE	ACTUACIÓNS
IGAPE	O IGAPE participará na elaboración do Estudo e do Informe previstos na estipulación primeira do deste Convenio e colaborará na xestión organización das mesas de diálogo previstas e nas actividades de difusión establecidas e aportará ata o 80% dos custos xustificados co límite de 40.000 €
USC	Estudo das probabilidades de automatización nos sectores e subsectores económicos da comunidade de Galicia e propostas de actuacións para minimizar os efectos negativos e potenciar os positivos. Elaboración do informe económico e xurídico que analice as políticas e o estado normativo actual que incumbe aos sectores e subsectores afectados pola automatización. A USC organizará as mesas de diálogo no marco do Estudo e do Informe, para o que elaborará papers de transformación dixital dirixidos aos sectores participantes. A USC organizará as actividades de difusión das accións desenvolvidas, dirixidas ao ámbito empresarial, das administracións de Galicia e na comunidade científica vinculadas ás tecnoloxías disruptivas, a través de reunións, xornadas ou eventos similares, inclusive a distancia. A USC contribuirá coa aportación do 20% dos custos previstos neste Convenio co límite de 10.000 €

As achegas máximas previstas para a realización dos traballos obxecto deste Convenio ascenden á cantidade de Corenta mil euros (40.000 €), cantidade que será abonada polo IGAPE con cargo aos seus orzamentos para o ano 2020, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar esta colaboración, conforme á partida orzamentaria 09.A1.741A.6403 e dez mil euros (10.000 €) de cofinanciamento aportados pola USC mediante dedicación de persoal propio.

Os gastos elixibles responden ó seguinte detalle:

TIPO DE GASTO	CUSTE TOTAL (€)
Estudo e Informe. O gasto pode cubrir dedicación de persoal propio, a contratación persoal ou de investigadores e servizos externos.	30.000,00
Mesas de diálogo. Servizos externos e a aluguer de equipamento.	12.000,00
Actividades de difusión. O gasto pode cubrir a contratación de servizos externos e aluguer de instalacións e equipamento.	8.000,00
TOTAL	50.000,00
Financiamento IGAPE	40.000,00
Cofinanciamento USC (Dedicación de persoal propio)	10.000,00

Cofinanciamento da USC:

Actuacións e cofinanciamento da USC	
Realización do Estudo; Elaboración do Informe; Organización e xestión das mesas de diálogo e das actividades de difusión.	
A USC deberá xustificar o 100% dos gastos incorridos, incluíndo unha dedicación de persoal propio que alcance o 20% dos custos totais xustificadas como cofinanciamento das actuacións; estes gastos de dedicación de persoal poderán ser superiores a 10.000 euros, se efectiva e finalmente se destinasen máis horas de traballo do persoal propio, docente e investigador, ao desenvolvemento e execución das actuacións, sen que elo supoña aportacións superiores aos 40.000 € por parte do IGAPE	
TOTAL	50.000,00